



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña
Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331
Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413
C.I.F. P-1504200-E
www.alaracha.es

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.-

A Xunta de Galicia, a través de Resolución de Concesión de 23/04/2019, outorga ao Concello da Laracha unha subvención de 50.916,60 euros, equivalentes aos custos salariais totais das contratacións de persoal temporal para o “Servizo de mantemento e valorización de zonas verdes”, APROL RURAL 2019.

Segundo o artigo 19 Lei 6/2018 de orzamentos xerais do estado para o ano 2018, na actualidade prorrogada, “durante el año 2018 no se procederá a la contratación de personal temporal, ni al nombramiento de personal estatutario temporal o de funcionario interino salvo en los casos excepcionales y para cubrir necesidades urgentes e inaplazables”.

O artigo 19.4 sinala tamén que: “la contratación de personal laboral temporal y el nombramiento de funcionarios interinos y de personal estatutario temporal, en las condiciones establecidas en el apartado dos de este artículo requerirá la previa autorización del Ministerio de Hacienda y Administraciones públicas”.

Efectuada por este concello unha solicitude previa de autorización ao Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas no ano 2015 para iniciar os procesos selectivos de persoal que puideran ser susceptibles de dita autorización previa, recibíuse resposta na que textualmente dicía: “corresponde a la potestad de autoorganización y capacidad de decisión de esa Entidad Local la evaluación de las necesidades de la contratación” en tanto que o referido apartado 4 no ten carácter básico segundo o apartado 7 do mesmo artigo.

A sentenza número 185/1995, do 14 de decembro, do Tribunal Constitucional, aclaratoria do que se consideran servizos públicos esenciais sinala que: “el servicio requerido es objetivamente indispensable para poder satisfacer las necesidades básicas de la vida personal o social de los particulares de acuerdo con las circunstancias sociales de cada momento y lugar o, dicho, con otras palabras, cuando la renuncia a estos bienes, servicios o actividades priva al particular de aspectos esenciales de su vida privada o social.”

Polo tanto, considérase por esta alcaldía que a contratación de persoal para o servizo de mantemento e valorización de zonas verdes é unha necesidade urxente e inaprazable, que afecta ao funcionamento dun





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña
Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331
Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413
C.I.F. P-1504200-E
www.alaracha.es

servizo público.

A Consellería de Economía, emprego e industria da Xunta de Galicia ven de comunicar ao Concello a autorización para a contratación de 4 traballadores para a realización do servizo denominado “Servizo de mantemento e valorización de zonas verdes”. Dito servizo forma parte dos proxectos con financiamento solicitado polo Concello á mencionada Consellería ao abeiro das axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol Rural) regulados pola Orde de 12 de decembro de 2018.

O proceso de selección e contratación dos traballadores deberá respectar o establecido nos artigos 14 e 15 da Orde citada, debendo tratarse de persoas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e estar dispoñibles para o emprego, e sendo solicitados mediante a presentación de oferta de emprego na oficina pública de emprego.

Tendo en conta as atribucións que me confiren os artigos 21.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e o disposto no artigo 15.1. do Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Ley del Estatuto de los Trabajadores, incóei, con carácter urxente, o expediente para a elaboración das correspondentes bases de selección para a contratación mediante contrato de traballo temporal coa cláusula específica de traballos de interese social de 4 traballadores (4 peóns) durante un período de nove meses.

Tendo en conta as atribucións que me confiren os artigos 21.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e o disposto no artigo 15.1. do Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Ley del Estatuto de los Trabajadores, RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar as seguintes bases de selección para a contratación mediante contrato de traballo temporal coa cláusula específica de traballos de interese social de 4 peóns durante un período de nove meses para a campaña 2019:

“BASES PARA A CONTRATACIÓN URXENTE DE 4 TRABALLADORES PARA O SERVIZO DE





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

MANTEMENTO E VALORIZACIÓN DE ZONAS VERDES (4 PEÓNS) - A LARACHA

1º.- Obxecto da convocatoria.-

O obxecto desta convocatoria é a contratación laboral temporal (9 meses), a tempo completo baixo a modalidade de contrato temporal coa cláusula específica de traballos de interese social, de 4 peóns para formar o “Servizo de mantemento e valorización de zonas verdes”, e rexeranse polas presentes bases.

As funcións e tarefas a desempeñar serán as reflexadas na memoria de obra ou servizo aprobada por resolución de concesión de subvención, como son cortes, desbroces e limpeza de maleza

2º.- Tipo e duración del contrato:

Os contratos serán de traballo temporal coa cláusula específica de traballos de interese social de duración determinada de 9 meses.

A xornada laboral será a tempo completo; o horario será establecido polo coordinador do servizo, coa autorización do alcalde - presidente.

3º.- Retribucións:

As retribucións económicas serán para os peóns de 1050 euros/brutos mensual (incluídos, tódolos conceptos salariais e a prorrata das pagas extraordinarias)

4º.- Requisitos dos aspirantes:

Serán requisitos mínimos dos aspirantes a esta contratación:

- 1.- Ter a nacionalidade española, ou ser nacional de outros Estados, conforme aos artigos 56 y 57 do Estatuto Básico do Empregado Público.
- 2.- Ter a capacidade funcional, así como a capacidade física necesaria para o desempeño das tarefas, extremos que deberán acreditarse mediante a presentación de informe médico ou certificado médico.
- 3.- Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder, no seu caso da idade máxima de xubilación forzosa.
- 4.- Non haber sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera administración pública, ni atoparse en inhabilitación para o exercicio da función pública por sentenza firme.





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

5.- Non estar incurso en causas de incompatibilidades de conformidade có disposto na Lei 53/1984, del 26 de decembre, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

6. Estar en posesión do Certificado de Estudos primarios ou equivalente e/ou posuir a habilitación requirida para o posto de traballo a desempeñar, acreditado mediante certificado de empresa, documentos de cotización, contratos de traballo, vida laboral ou nómina.

7.- Segundo o artigo 51 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, para darlle cumprimento á normalización do idioma galego na administración pública, incluírase un exame de galego, agás para aqueles aspirantes que acrediten o coñecemento da lingua galega conforme a normativa vixente, mediante a presentación do certificado Celga 1 ou equivalente (Requisito que deberá acreditar coa presentación da copia do mesmo).

5º.- Tribunal cualificador das probas:

1.- O tribunal cualificador designado pola alcaldía - presidencia (en virtude do artigo 21.1.g) de 7/85 de 2 de Abril reguladora das Bases do Réxime Local), e en base ao establecido polo RD lexislativo 5/2015, Estatuto Básico do Empregado Público, será nomeado coa resolución definitiva da lista de admitidos e excluídos.

Os vocais deberán ter titulación igual ou superior á esixida para o acceso á praza convocada.

2.- O tribunal non poderá constituírse, nin actuar sen a presenza, a lo menos, de tres de seus membros, titulares ou suplentes, debendo estar presentes en todo caso o presidente e o secretario ou persoas en quen deleguen. De tódalas reunións que faga o tribunal o/a secretario/a redactará acta. Se poderá nomear persoal para apoio ou asesoramento no proceso selectivo.

3.- Os membros do tribunal absteranse de intervir e o comunicarán á autoridade convocante cando concorran algunhas das circunstancias prevista no artigo 23 de Lei 40/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común. Os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran aquelas circunstancias.

4.- O tribunal resolverá tódalas dúbidas que xurdan en aplicación das presentes normas así como nos casos non previstos polas mesmas.

5.- O tribunal non poderá aprobar nin declarar que superou o procesos selectivo un número superior de aspirantes ao de postos de traballo convocadas, aínda que có resto de solicitantes non seleccionados se





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña
Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331
Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413
C.I.F. P-1504200-E
www.alaracha.es

establecerá un orden para cubrir as posibles vacantes que puideran producirse, so válido para a presente convocatoria.

6.- Presentación de instancias e admisión de aspirantes:

Os aspirantes preseleccionados para participar no proceso selectivo, polo Servizo Público de Emprego (Oficina de Emprego de Carballo), serán avisados pola responsable municipal do servizo de emprego deixando constancia no expediente; e aqueles que desexen continuar no proceso, deberán presentar unha instancia (que poderán recoller nas oficinas xerais), acompañada da documentación que se indica nas presentes bases, así como a que os aspirantes desexen que sexa valorada para a fase de concurso. Os méritos deberán ser presentados segundo a base 7ª das presentes. Dirixiranse ao Sr. Alcalde do Concello da Laracha, e se presentarán no Rexistro Xeral do Concello, no prazo de 5 días hábiles a contar dende o día seguinte á data de aviso/ notificación.

A documentación poderá ser fotocopia, sen ser precisa a copia cotexada; se presumira documentación auténtica, e unicamente será requirida a presentación da documentación orixinal aos aspirantes que finalmente sexan seleccionados. No caso de detectarse falsidade documental, será motivo de exclusión do proceso.

Xunto á instancia, tamén se presentará:

- * A fotocopia do DNI.
- * A fotocopia do título mínimo requirido, no seu caso
- * A fotocopia do xustificante que acrediten o coñecemento da lingua galega (CELGA 1 ou equivalente).
- * O Informe médico que no caso de non poder presentalo coa instancia, será suficiente coa súa presentación de forma previa á celebración do contrato, no seu caso.

Tendo en conta que segundo o artigo 4º da Ordenanza fiscal nº 23 do Concello da Laracha, pola que se regula a taxa por dereitos de exame, estarán exentas do pagamento da taxa as persoas con discapacidade igual ou superior ó 33% (para o que deberá presentar o certificado de minusvalía correspondente), e aquelas que figuren como demandantes de emprego durante o prazo, cando menos,





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña
Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331
Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413
C.I.F. P-1504200-E
www.alaracha.es

dun mes anterior á data da convocatoria das probas selectivas e resultando que neste proceso tan so poden participar aqueles que están inscritos como demandantes de emprego, exímese o pago da taxa
Tamén poderán remitirse na forma prevista no artigo 16 da Lei 39/2015 de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común.

De conformidade cós artigos 42,43,45 e 46 da Lei 39/2015 de 2 de outubro , fixase como medio de comunicación das publicacións que se deriven dos actos integrantes deste procedemento selectivo a exposición no taboleiro de edictos do Concello, a web municipal e a sede electrónica.

7º.- Selección:

A selección realizarase de conformidade có previsto nas presentes bases polo sistema de concurso – oposición (PROBA DE GALEGO). A fase de concurso será anterior á fase de oposición e non terá carácter eliminatorio.

Fase de concurso de méritos (máximo 2.5 puntos):

-Por ter experiencia en postos similares ao que se presenta (máximo 2 puntos)

Valorarse do seguinte xeito.

Experiencia en postos similares ao que se presenta en Empresa privada ...0,10 puntos/mes ou fracción

Experiencia en postos similares ao que se presenta en Administración pública.....0.25 puntos/mes ou fracción

Os servizos prestados (experiencia en postos similares) se acreditarán mediante certificación de vida laboral expedida pola Tesourería da Seguridade Social e contratos de traballo, ou certificación de servizos prestados emitida pola entidade pública competente, no que se indique o posto ocupado e a duración da prestación do servizo.

-Pola realización de acción formativa en materia de Prevención de riscos laborais (solo se valorará un curso ou acción formativa)0,25 puntos

Os certificados dos cursos ou dos títulos acreditaranse mediante fotocopia dos mesmos.

Fase de oposición : apto/non apto





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña
Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331
Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413
C.I.F. P-1504200-E
www.alaracha.es

Proba de galego. Os aspirantes que non teñan presentado o certificado do coñecemento do galego coa presentación do certificado Celga 1 como mínimo, deberán facer o exame de galego. Consistirá na tradución dun texto de castelán a galego ou inverso nun tempo máximo de 30 minutos. Calificarase como apto/non apto

8º.- Procedemento de selección:

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, o sr. alcalde, mediante resolución aprobará a lista de admitidos e excluídos, o nomeamento do tribunal e data de constución e baremación.

Dita resolución será definitiva de non haber excluídos, e será exposta no taboleiro de edictos do Concello, na páxina web e na sede electrónica, relacionándose os aspirantes excluídos coa indicación da causa de exclusión (no caso de non haber excluídos a lista provisional pasará a definitiva)

Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de cinco días naturais dende a publicación da lista na web, para reclamacións e corrección das deficiencias sinaladas. Toda presentación da documentación axustarase igualmente ao disposto na base 6ª. Estas reclamacións e correccións serán aceptadas ou rexeitadas na resolución que aprobe a lista definitiva, que publicarse na mesma forma. Contra a resolución na que se declare a exclusión definitiva do aspirante, poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o órgano que ditou o acto, ou directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, ante a Xurisdición Contenciosa-Administrativa, contados a partir do día seguinte ao da publicación.

Unha vez realizadas as distintas fases do proceso selectivo, o tribunal cualificador publicará en dito taboleiro a relación de aspirantes coas cualificacións obtidas, así como o resultado final, por orde decrecente, sendo propostos para a contratación os aspirantes con maior puntuación, en número idéntico ao de prazas convocadas.

Non se seleccionará mais candidatos que postos de traballo convocados, aínda que co resto de solicitantes non seleccionados elaborarse unha relación de reservas, por orden á puntuación conseguida, por si fose preciso cubrir as posibles baixas ou renuncias dos seleccionados, so válida para esta convocatoria





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña
Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331
Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413
C.I.F. P-1504200-E
www.alaracha.es

9º.- Formalización dos contratos:

A proposta do tribunal cualificador se elevará á Alcaldía-Presidencia, para a resolución do expediente de selección, mediante decreto, que será publicado taboleiro de edictos do Concello. O contrato se formalizará cos aspirantes seleccionados sendo a duración do mesmo de 9 meses.

10º.- Dereito supletorio:

No non previsto nestas bases se acudirá ao disposto na lexislación laboral vixente que resulte de aplicación e, especialmente, no disposto no Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, no disposto no Real Decreto 2720/1998, do 18 de decembro polo que se desenvolve o artigo 15 do Estatuto dos Traballadores en materia de contratos de duración determinada; e no Real Decreto Lei 8/1997, del 16 de maio de Medidas urxentes para a Mellora do Mercado de Traballo e no Fomento da Contratación Indefinida, e demais lexislación en materia laboral. Igualmente ao regulado no Estatuto Básico do empregado Público RD lexislativo 2/2015 de 30 de outubro e Lei de Emprego Público de Galicia

11º.- Norma final:

A presente convocatoria, as súas bases e tódolos actos administrativos que da mesma se deriven e das actuacións do tribunal, poderán ser impugnados polos interesados no caso e na forma dispostos na Lei 39/2015, do 2 de outubro, de procedemento administrativo común.”.

SEGUNDO.- Ofertar a presente convocatoria ante o Servizo Público de Emprego de Carballo, segundo esixe a Orde de 12 de decembro de 2018 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (APROL RURAL) para o exercicio 2019 .

Asinado dixitalmente polo sr. alcalde, José Manuel López Varela, do que eu secretaria, Cristina Castro Fuentes, dou fe.





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

(FECHA: 25/04/2019 12:11:00)

Cristina Castro Fuentes

(FECHA: 24/04/2019 16:24:00)

FIRMADO POR José Manuel López Varela

Decreto Nº: 285/2019 - Fecha de decreto: 24/04/2019
Versión imprimible

CVD: zZNYLJiXwInBp9DwjRFV
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.alaracha.es>.

